

ENCENA TEATRO E DANZA "X"

Auditorio de Galicia
Teatro Principal
Santiago de Compostela
2009

27 de marzo | 21.00 h | Auditorio de Galicia

EMMA

17 e 18 de abril | 21.00 h | Teatro Principal

ANIMALARIO/CDN: URTAÍN

16 maio | 21.00 h | Auditorio de Galicia

GELABERT AZZOPARDI: SENSE FI / CONQUASSABIT

9 e 10 de xuño | 21.00 h | Teatro Principal

YLLANA: BROKERS

19 e 20 de setembro | 21.00 h | Teatro Principal

DÍAS DE VINO Y ROSAS

16 decembro | 21.00 h | 17 de decembro | 20.00 h e 23.00 h | Teatro Principal

LA FIERECILLA DOMADA



Venda de entradas
902.43.44.43
www.caixagalicia.es



Venda de entradas

e o mesmo día do espectáculo nos despachos de billetes do Teatro Principal e do Auditorio de Galicia de 12:30 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Recollida das entradas ata media hora antes da función.

Prezos no Teatro Principal:
Butaca, platea e primeira planta: 12 euros;
segunda planta: 8 euros
anfiteatro: 6 euros

Prezos no Auditorio de Galicia:
Entrada única: 12 euros /
Desconto do 50% para xubilados
e menores de 25 anos.


**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais

Co patrocinio de:


**CONSORCIO DE
SANTIAGO**

27 de marzo | 21.00 h
Auditorio de Galicia

EMMA

de Howard Zinn

Emma ten como punto de partida un personaxe real, Emma Goldman (Kowno, 1869-Toronto, 1940), unha muller que militou no anarquismo libertario nos Estados Unidos, de onde foi expulsada, unha muller crítica co rumbo da Revolución Rusa e unha muller adiantada ao seu tempo con postulados feministas dos que aínda é unha ícona de referencia. Tamén foi defensora da homosexualidade nun momento en que tal cousa era impensábel. Por unha ou outra razón, que hoxe parece ridícula, coñeceu frecuentemente a cadea e o exilio.

A obra de Howard Zinn, converte un personaxe real, nun personaxe para o drama, e faíno poñendo no escenario a primeira Emma, a Emma adolescente que quere entrar na vida e na sociedade que a rodea, e que pensa que as cousas poden ser mellores para todos, que é necesario adoptar un compromiso, que as cousas poden e deben ser doutro xeito. A obra ten visos de traxedia, á maneira clásica, e tamén ten visos de drama romántico, fala das relacións sentimentais, e da ilusión, hoxe case esquecida, de que é posíbel unha sociedade máis xusta para todos.

9 e 10 de xuño | 21.00 h
Teatro Principal

YLLANA: BROKERS

Brokers, ao máis puro estilo Yllana, retrata o salvaxe e irreverente mundo das altas finanzas. Tras a estela de *666* e *Star Trip*, deslízase no universo do luxo e do diñeiro para amosarnos o seu tolo e esmendrellante xeito de ver o mundo. Os protagonistas de *Brokers* son catro tiburóns dos negocios na procura do éxito nesta era consumista. Fanáticos da moda de marca, das últimas tecnoloxías, da comida sa e do culto ao corpo, intérnense nun mundo en que a carreira polo triunfo descobre os seus medos máis agochados, provocando ridículas situacións que farán tremer os piares da sociedade máis consumista.

REPARTO Fidel Fernández, Antonio Pagudo, Toni de la Fuente, Luís Cao Dirección David Ottone ESCENOGRAFÍA Juan Manuel Álvarez, Carlos Barea E Arteyficcion - Rafael Suárez Arata DESEÑO DE SON Jorge Moreno E Luís López de Segovia DESEÑO DE ILUMINACIÓN Juanjo Lloréns VESTIARIO Gabriela Salaverri COREOGRAFÍA Carlos Chamorro

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC

Agencia Galega das
Industrias Culturais

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



16 decembro | 21.00 h
17 de decembro | 20.00 h e 23.00 h
Teatro Principal

LA FIERECILLA DOMADA

de William Shakespeare

La fierecilla domada de William Shakespeare, concibida formalmente como un divertimento, é moito máis que a historia das relacións de poder no matrimonio de Petrucho e Catalina. Esa dialéctica contén unha carga subxacente de intenso erotismo; apúntase unha trama secundaria de ecos románticos, chea de cambios de personalidade e de disfraces nos que resoan as voces de Ariosto, Plauto ou Terencio. En tempos en que xa se prefigura o racionalismo cartesiano, Shakespeare volve poñer de manifesto, dun xeito lúdico e subversivo, que a idea do autoconecemento é unha falacia no ser humano: sempre existen fendas polas que flúen desbordados os sentimentos e as paixóns.

Shakespeare xoga en *La fierecilla domada* cos límites de realidade-ficción. A delgada liña que separa a vixilia do soño ten límites difusos. O recurso dos cómicos transmisores de historias, utilizados maxistralmente por Shakespeare en traxedias como *Hamlet* ou comedias como *O soño dunha noite de verán* palpita de maneira fundamental para a completa comprensión do mundo desta *Fierecilla domada*. A obra aborda nas súas varias tramas o problema da identidade.



REPARTO Toni Acosta, Karra Elejalde, Aitor Mazo, Gurutze Beitia, Irene Bau, Enriqueta Vega, Mikel Losada, Gabriel Ocina DIRECCIÓN Ramón Barea ESCENOGRAFÍA José Ibarrola VESTIARIO Gabriela Salaverri ILUMINACIÓN Miguel Ángel Camacho PRODUCCIÓN Teatro Arriaga Antzokia

16 maio | 21.00 h
Auditorio de Galicia

GELABERT AZZOPARDI: SENSE FI / CONQUASSABIT

A nova produción da compañía está formada por dúas coreografías de Cesc Gelabert creadas para dez bailaríns, entre os que se encontra o propio coreógrafo.

Sense fi conta cunha partitura orixinal de Pascal Comelade e a obra, inmersa no mundo da contradición paradoxal, é entendida por Gelabert –de maneira epigramática– como unha viaxe interior que en nada se diferencia ao dunha espera orientada cara ao futuro.

Conquassabit, unha peza sobre a aceleración e a quietude, non recolle pezas íntegras de Haendel, senón que mestura pezas vocais e instrumentais someténdoa ao imperativo rítmico dun pulo crecente, a un acelerando rítmico.

COREOGRAFÍA/DIRECCIÓN Cesc Gelabert MÚSICA Pascal Comelade, George Friedrich Haendel ESPAZO ESCÉNICO Llorenç Corbella VESTIARIO Lydia Azzopardi ILUMINACIÓN Miguel Muñoz A COMPANHÍA Julia Cortés, Cesc Gelabert, Virginia Gimeno, Robert Gómez, Manon



O prólogo sitúase nunha taberna inglesa onde o caldeireiro, Sly, queda durmido despois dunha borracheira. Para burlarse del, un rico señor lévao á súa casa e envólveo en finas roupas de cama nun luxoso cuarto. Cando esperta, faílle crer que el é un gran señor que nas súas alucinacións pensa ser un vulgar caldeireiro, disfraza un paxe para que se faga pasar pola súa bela esposa, cando o caldeireiro a quere posuír dille que aínda non convén e que mentres tanto vano distraer cunha comedia.

Na comedia propiamente dita entrelázanse dous argumentos. A trama principal mostra varios pretendentes que se congregaron na casa de Bautista Minola para pedir a man da súa filla Blanca. Pero Bautista négase a casar a Blanca até que teña desposado a súa filla maior,

17 e 18 de abril | 21.00 h
Teatro Principal

ANIMALARIO / CDN: URTAIN

de Juan Cavestany

Urtain foi un boxeador tan mediocre como o era a España franquista de finais dos anos 60 e comezos dos 70 do pasado século. Porén (ou talvez grazas a isto), acadou unha gran sona e converteuse nun dos grandes personaxes «mediáticos» do noso país. Acabou coa vida saltando desde a terraza dun décimo piso en 1992, catro días antes de que España purificara a súa imaxe mundial a través dos Xogos Olímpicos de Barcelona 92.

A historia de Urtain non podía ser simplemente a historia dun «xoguetote roto» que culmina cun salto mortal ao baleiro.

Urtain é unha viaxe a través dunha España que se move por un camiño marcado polo sangue e a política, o destino e a fabricación, a inocencia e a mentira, o desexo atormentado e a posibilidade sempre fugaz do éxito.

REPARTO Roberto Álamo, Raül Arévalo, Luís Bermejo, Luís Callejo, Alfonso Lara ou Alberto San Juan, María Morales, Estefanía de los Santos, Luz Valdenebro



DIRECCIÓN Andrés Lima AXUDANTE DE DIRECCIÓN Celia León ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO Beatriz San Juan DESEÑO DE SON E MÚSICA ORIXINAL Nick Powell ILUMINACIÓN Valentín Álvarez e Pedro Yagüe COPRODUCCIÓN Centro Dramático Nacional e Animalario FOTOGRAFÍAS Valentín Álvarez VIDEOCLIP Paz Producciones DESEÑO DE CARTEL Sean Mackaoui e Isidro Ferrer



Greiner, Romain Guion, Elia López, Salvador Masclans, Alberto Pineda, Charles Washington COPRODUCCIÓN Teatre Lliure de Barcelona/ Gelabert Azzopardi COA COLLABORACIÓN DO Teatre Auditori Sant Cugat E DO Auditorio del Palacio de Congressos de Huesca

Compañía residente no **teatre lliure**

Subvencionada por

Generalitat de Catalunya
Departament de Cultura
i Mitjans de Comunicació

AGADIC

Equipament de Barro
Institut Galego de Cultura

Coa colaboración de

III Institut ramon llull
Llengua i cultura catalanes

19 e 20 de setembro | 21.00 h
Teatro Principal

DÍAS DE VINO Y ROSAS

de J. P. Miller

Sandra e Luís coñécense nun aeroporto rumbo a Nova York. Unha nova vida para ambos chea de soños e promesas. *Xuntos até no paraíso!* berran aos poucos días.



Catalina. Petrucho, un cabaleiro de Verona chega a Padua en busca dunha esposa rica, e escolle a Catalina a pesar da mala fama que ten esta. Cando o novo matrimonio acode á casa de Bautista para as vodas de Blanca, todo o mundo queda admirado do gran cambio que se produciu en Catalina.

A trama secundaria céntrase nos tres pretendentes de Blanca: Gremio, Hortensio e Lucencio. Este último é o que consegue a man da rapaza coa axuda do seu criado Tranio que se fai pasar por el. Mentres, Hortensio, decepcionado, abandona o cortexo de Blanca e casa cunha viúva rica.

Ao final da obra converxen os dous argumentos, culminados co epílogo do espertar de Sly. As diferenzas sexuais da trama principal (Petrucho-Catalina, Blanca-Lucentio) son tamén as diferenzas sociais da trama secundaria (Sly).

DIRECCIÓN Mariano de Paco Serrano REPARTO Alexandra Jiménez, José Manuel Seda, Mario Martín, Carla Hidalgo, Pedro G. de las Heras, Francesc Galcerán, Bruno Giordía, David Alarcón, Oscar Oliver VERSIÓN Diana de Paco Serrano DESEÑO DE ILUMINACIÓN Toño M. Camacho E Pedro Yagüe ESPAZO ESCÉNICO David de Loaysa DESEÑO DE SON Mario Goldstein e Javier Almela VESTIARIO Elisa Sanz ALUGUER DE VESTIARIO E REALIZACIÓN Sasterría Cornejo AXUDANTE DE VESTIARIO Maika Chamorro DESEÑO GRÁFICO Emerio Prensa Dyp Comunicación AXUDANTE DE DIRECCIÓN Javier Ortiz DIRECCIÓN TÉCNICA E EQUIPAMENTO TecniFront PRODUCCIÓN EXECUTIVA E DISTRIBUCIÓN Clara Pérez

Podería ter sido así, pero algo aínda máis forte que o amor interpúxose no seu camiño.

Días de vino y rosas está considerada por moitos como a mellor película xamais realizada sobre o alcoholismo. Estou totalmente de acordo, pero engadiría que *Días de vino y rosas* é un dos mellores filmes de amor da historia do cine. E é que creo que é sobre todo iso: unha historia de amor. Un amor tráxico de dous seres absolutamente infelices que xuntos, e aínda que só sexa durante un pequeno espazo de tempo, encontran a felicidade que sempre desexaron. A súa caída no alcoholismo afástaos, quizais por sempre, dos seus soños, pero sobre todo, e isto é o máis doloroso e o que converteu esta película nun clásico, afastounos a un do outro.

“Cando lín a brillantísima adaptación teatral que Owen McCafferty fixera do xa mítico guiño orixinal de J.P. Miller, tiven de inmediato ganas de ver esta función sobre o escenario. Pensei, quizais de forma inconsciente, que a mellor maneira de conseguilo era tratando de adaptar eu mesmo a función para poder facela. E aquí estamos. Traballar sobre o texto orixinal de finais dos anos cincuenta de J.P. Miller e a versión de McCafferty foi unha das experiencias profesionais máis interesantes da miña vida. Espero ter estado á súa altura e que os espectadores españois se emocionen e gocen con esta maravillosa historia de amor.” (David Serrano. 2007)

“Desde que hai xa case 20 anos vin a película *Días de vino y rosas*, con Jack Lemmon e Lee Remick, fascinoume a historia de amor tan fermosa, intensa e destrutiva. Fala do que pasa cando dúas persoas se queren con loucura pero teñen unha debilidade que son incapaces de superar. Nos contos de fadas o príncipe e a princesa poden con todo, até cos monstros que lles impiden estar xuntos. Pero aquí falamos da vida real, e na vida real as nosas mellores intencións, ás veces, fracasan e estragamos aquilo que máis queremos. *Días de vino y rosas* é unha obra mestra que fala do amor e da dor da perda. Teño dous actores fantásticos e un texto importante para gozar, que máis podo pedir.” (Tamzin Townsend)

REPARTO Carmelo Gómez, Silvia Abascal VERSIÓN INGLESA Owen Mcafferty VERSIÓN CASTELÁ David Serrano DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO Rafael Garrigós DESEÑO DE ILUMINACIÓN Felipe Ramos AXUDANTE DE DIRECCIÓN Ayanta Barilli DIRECCIÓN Tamzin Townsend PRODUTORES Notro Stage, Candelaria Producciones, Traspaso Kultur, Zoa Producciones PRODUTOR ASOCIADO David Serrano DESEÑO CARTEL Equipo 01 DESEÑO DOSSIER Rubén Salgueiros DIRECCIÓN TÉCNICA Rubén Camacho AUXILIAR DE PRODUCCIÓN Fran Arráez AXUDANTE DE PRODUCCIÓN Violeta Ferrer DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN Cata Gutiérrez PRODUCCIÓN EXECUTIVA Coté Soler